

XOGOS DE LÓXICA

Para pensar un pouco:

1º Dous homes son acusados de asasinato. O xurado declara culpable a un e inocente ao outro. O xuíz dille ao culpable que, aínda que a súa culpabilidade estaba demostrada, a lei obrigábalos a poñelo en liberdade. Como podes explicar isto?

Solución: Os dous homes son irmáns siameses.

2º ¿Cómo se debe dicir, a xema é branca ou as xemas son brancas?

Solución: En realidade as xemas son amarelas.

3º Un tren sae de Boston cara a Nova York. Unha hora despois sae de Nova York outro cara a Boston. Os dous trens van á mesma velocidade. ¿Cal dos dous estará máis cerca de Boston cando se encontren?

Solución: Evidentemente os dous trens estarán en Boston cando se encontren.

4º Nunha rúa hai cen edificios. Chámase a un fabricante de números para que lle poña número a todas as casas do un ao cen. Sen un papel nin un lapis, ¿podes calcular mentalmente cantos noves necesitará?

Solución: Necesitará vinte noves.

5º Se un avión se estrela na fronteira entre Estados Unidos e Canadá, ¿en que país se enterraran os superviventes?

Solución: Dificilmente ninguén querrá enterrar os superviventes.

CHISTES

- Cal é a diferenza entre un ascensor en Europa e un en África?

- No de Europa pódese ler: 8 persoas, 400 quilos, e no de África lese: 400 persoas, 8 quilos.

Era unha vez dous morcegos, e un dille ao outro:

- De onde sacaches tanto sangue?

- Ves aquel muro que está alí?

- Si

- Pois eu non o vin.

Un home vai ao psiquiatra porque ten un complexo de can, e o psiquiatra dille:

- E vostede, desde cando ten complexo de can?

- Pois... desde que era cachorro.

Isto é unha fila de cegos, sentados na rúa, nisto pasa un peixeiro e din todos ao mesmo tempo:

- ¡¡¡GUAPA!!!

- Sabes que morreu Antonio?

- Que me contas! e de que?

- De cataratas.

- E logo, operárono?

- Non, empuxáronlle.

- Oíches? Ti sabes como se chaman os habitantes de Lugo?

- Home, todos non.

ALBERTO GARCÍA V. B1B

REFRÁNS

- A cruz no peito, o demo nos feitos.
- Coas bragas enxotas non se pillan as troitas.
- O que moito fala, moito falla.
- Andarás e verás.
- O que en Nadal non rega, en abril non sega.
- Xeada na lama, auga na cama.

MARCOS PARDO VÁZQUEZ,

